



## COLOREAMOS E COMPARTIMOS

### Con esta actividade pretendemos...

Aprender a compartir, base da xenerosidade.

Valorar a importancia da cooperación e o traballo en equipo.

### Durará

A actividade está pensada para realizarse nunha sesión.

### Necesitaremos

Pinturas de cores (amarela, verde, marrón, vermella).

Modelo e patróns para colorear de Chispa.

### 1ª Fase: Pintamos a Chispa

Dividir aos nenos e as nenas en grupos de catro.

Colocar sobre a mesa de cada un dos grupos, só unha pintura de cada cor (amarela, verde, marrón e vermella).

Pedir que coloreen o patrón de Chispa utilizando as mesmas cores que os do modelo (pétalos amarelos, talo e follas verdes, cara marrón e boca vermella).

Observar se durante o proceso apareceron problemas nos grupos ou compartiron sen que xurdisen enfrontamentos.

### Para rematar, hai que reflexionar

Ao rematar de colorear o patrón sentar aos nenos e nenas en círculo e establecer un diálogo a través de preguntas como:

- Había pinturas de cores suficientes?
- Algunha persoa quedouse coa pintura?
- Como colorear as vosas flores? Compartistes as pinturas?
- Compartides as cousas cos vosos irmáns/irmás, amigos/as...?

A partir do que expresen, falar sobre a importancia de compartir para aprender a traballar en equipo.

**Un superheroe de verdade debe ser xeneroso.**